

## **ACORDO POLO QUE SE DISPÓN A ACHEGA DA XUNTA DE GALICIA Á FAVOR DA FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA**

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2019

### **REUNIDOS**

Dunha parte, Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e presidente do Padroado da Fundación Semana Verde de Galicia, nomeado por Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia no seu nome e representación.

Doutra, José González Vázquez, conselleiro do Medio Rural, nomeado por Decreto 99/2018, do 26 de setembro, no seu nome e representación.

Os reunidos recoñécense competencia no concepto no que respectivamente interveñen e con capacidade legal para formalizar o presente acordo e para o efecto

### **EXPOÑEN**

**PRIMEIRO.-** A Fundación Semana Verde de Galicia, da que é patrón a Xunta de Galicia, constituíuse en escritura pública de dezaseis de marzo de 1991 e clasificouse mediante Orde do 9 de xullo de 1991, adscribíndoselle o seu protectorado á Vicepresidencia e consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

**SEGUNDO.-** Mediante Orde do 10 de xullo de 1991 foi declarada de interese galego, estando configurada como unha fundación do sector público autonómico, da que é patrón a Xunta de Galicia, de acordo co disposto no artigo 113 e seguintes da Lei 16/2010, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.



**TERCEIRO.-** Dende o ano 2009, e ao abeiro do Plan de Viabilidade 2009-2011, aprobado polo Padroado da fundación o 25 de setembro de 2008, os patróns veñen realizando achegas á Fundación en base ás necesidades reais de financiamento indicadas no plan, reducíndose ano a ano, coa idea de que a entidade sexa capaz de autofinanciarse no máis curto espazo de tempo posible.

**CUARTO.-** O Padroado da fundación, reunido o 27 de decembro de 2018 acordou aprobar o Plan de actuación e Orzamentos para o ano 2019, no que se establece unha achega da Xunta de Galicia de 140.000,00 euros no presente exercicio.

De conformidade co exposto, e continuando có Plan de viabilidade iniciado en anos pasados, e sendo vontade da Xunta de Galicia contribuír a paliar a tendencia estrutural de desequilibrio orzamentario e acadar, na medida do posible, un equilibrio estable que permita dotar definitivamente de viabilidade económico-financeira á Fundación Semana Verde de Galicia, formalizan o presente acordo en base ás seguintes

## **ESTIPULACIÓNS**

**PRIMEIRA.** A Xunta de Galicia, na súa condición de fundadora, achegará durante o exercicio orzamentario de 2019 á “Fundación Semana Verde de Galicia” a cantidade de 140.000,00 euros coa finalidade de contribuír á súa viabilidade económico-financeira.

**SEGUNDA.** A Vicepresidencia e consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza transferiu á fundación, no primeiro trimestre do exercicio económico, o importe correspondente á súa achega, 40.000,00 euros, con cargo á dotación da aplicación orzamentaria 05.21.121A.873.0 (C P: 2015 00116).





**TERCEIRA.** A Consellería do Medio Rural aportará 100.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 14.01.711A.743.01 (C P: 2015 00614).

**CUARTA.** Trala sinatura do presente acordo, ampliarase crédito na aplicación orzamentaria 05.21.121A.873.0 (C P: 2015 00116) dos vixentes orzamentos da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, dende a que se transferirán os créditos á fundación, que os destinará a satisfacer os compromisos adquiridos que se deriven das actividades propias que constitúen o obxectivo fundacional segundo o establecido nos seus estatutos.

En proba de conformidade asínase o presente acordo, por duplicado exemplar, polas partes relacionadas no encabezamento do presente escrito na data e lugar indicados.

O Vicepresidente e conselleiro de  
Presidencia, Administracións Públicas e  
Xustiza

O conselleiro do Medio Rural

Alfonso Rueda Valenzuela

José González Vázquez

